

25n
2 0 2 5

**Día internacional da eliminación
das violencias contra as mulleres**



Propostas didácticas

PARA TRABALLAR NAS AULAS
DE **PRIMARIA** O 25N

(CO)educando á par que (DE)construíndo



Edita: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) e CIG-Ensino.

Autora: Tania Nóvoa Paz

Permítese a reprodución parcial ou total dos contidos desta publicación sempre e cando se realice sen ánimo de lucro e se cite a súa procedencia e autoría.

Imaxes cuberta: Freepik.com

Xustificación

Despois de que un 25 de novembro de 1960 asasinasen en República Dominicana ás irmás Mirabal, coloquialmente coñecidas como *As tres bolboretas*, Abya Yala experimentou un tremor que a partiu en tres. As súas mesmas entrañas pedían a berros o retorno das fillas Patria, Minerva e María Teresa, pero, moi no fondo, sabían que rematarían por converterse en eco. Un eco o suficientemente claro e sonoro que incidise na declaración oficial desta data como o «Día Internacional da Eliminación da Violencia de Xénero».

A pesar dos avances conseguidos nas últimas décadas na loita contra a violencia machista, a situación actual en Galiza esixe que desde o ámbito educativo manteñamos e reforcemos o noso compromiso co traballo en igualdade. Os datos son desalentadores: a taxa de violencia de xénero na nosa comunidade autónoma aumentou case un 10% respecto a de 2024, e os xulgados de violencia contra as mulleres reciben de media 21 denuncias, case unha por cada hora.

Porén, fronte a esta realidade, asistimos a un retroceso nas políticas públicas en materia de igualdade. A supresión da Secretaría Xeral de Igualdade, reducida a unha dirección xeral, e un descenso nos orzamentos da Xunta dirixidos á loita contra a violencia de xénero do 6,4% respecto a 2025 amosan como as institucións públicas están a recuar no seu compromiso con esta prioridade social. Esta situación constitúe o que se denomina violencia institucional: a permisividade ante condutas machistas, o desmantelamento destas políticas e a precarización dos recursos de atención ás vítimas.

(Co)educando á par que (de)construíndo para previr a violencia

É por este motivo que desde o ámbito educativo temos unha responsabilidade acrecentada. Cando as institucións recortan en igualdade e normalizan a violencia, a escola debe ser un espazo seguro de resistencia, prevención e transformación social. A coeducación preséntase como unha estratexia fundamental para a prevención da violencia machista desde a raíz.

Entendemos a coeducación non como a mera presenza dos rapaces e das rapazas nas mesmas aulas, senón como un modelo educativo que cuestiona e transforma os estereotipos de xénero, que visibiliza e valora por igual as achegas de homes e mulleres á sociedade, e que educa en relacións afectivas igualitarias e baseadas no respecto. A coeducación implica revisar o currículo oculto, os materiais didácticos,

a linguaxe, o uso dos espazos, as expectativas diferenciadas sobre o alumnado e os modelos de feminidade e masculinidade que se transmiten na escola.

Traballar desde a coeducación significa educar persoas libres, críticas e conscientes das desigualdades estruturais que perpetúan a violencia machista. Só desde unha educación que desafíe os roles tradicionais de xénero e que promova a igualdade real poderemos previr que as futuras xeracións reproduzan as violencias que hoxe denunciemos.

Precísase, tal e como reclamamos desde movementos de renovación pedagóxica e organizacións sindicais feministas como a AS-PG e a CIG-Ensino, un plan galego pola igualdade que sexa transversal, dotado de recursos e que chegue a todas as áreas da vida pública, incluíndo de forma prioritaria o sistema educativo.

Metodoloxía

Estas Unidades Didácticas, dirixidas ás aulas de Infantil, Primaria, Educación Secundaria e FP, tomarán como punto de partida a reflexión crítica sobre a construción de roles de xénero e como estes inflúen nas relacións persoais, a autoestima e o desenvolvemento da violencia machista.

A metodoloxía empregada será principalmente vivencial e participativa, buscando que o alumnado sexa protagonista da súa propia aprendizaxe a través de dinámicas que favorezan:

- **A reflexión persoal:** sobre as súas propias experiencias e percepcións de xénero.
- **O diálogo grupal:** para contrastar visións e construír coñecemento colectivo.
- **A empatía:** poñéndose no lugar doutras persoas e recoñecendo diversas realidades.
- **A acción transformadora:** non só comprender, senón comprometerse co cambio.

As actividades están deseñadas desde unha óptica flexible e adaptable, centrada na educación emocional, o desenvolvemento da autonomía persoal e o recoñecemento do bo trato como base das relacións saudábeis. Traballarase desde o enfoque da coeducación, entendendo que todos os xéneros poden e deben participar na construción dunha sociedade máis igualitaria.

Obxectivos xerais

- Identificar os roles e estereotipos de xénero aprendidos durante o ciclo vital e analizar criticamente o seu impacto nas relacións persoais.
- Recoñecer as diferentes formas de violencia machista, desde as máis sutís (micromachismos) ata as máis evidentes.
- Promover o desenvolvemento da autonomía persoal e o autocoñecemento como ferramentas de prevención da violencia.
- Fomentar relacións baseadas no bo trato, o respecto mutuo, a igualdade e o recoñecemento da diversidade.
- Desenvolver habilidades de comunicación asertiva e resolución pacífica de conflitos.

- Visibilizar modelos de masculinidades e feminidades alternativas, afastadas dos estereotipos tradicionais.
- Promover o apoio mutuo e a responsabilidade colectiva na prevención e detección de situacións de violencia.

ACTIVIDADE 1. O Sol e os Xirasois: recoñecendo o noso propio protagonismo

Duración

45-60 minutos

Obxectivo

Traballar a autonomía persoal, o autocoñecemento e cuestionar os modelos de relación baseados na dependencia emocional.

Desenvolvemento

FASE 1: Introducción e reflexión inicial (10 minutos)

O/a docente introduce o concepto de dependencia emocional e explica como moitas veces aprendemos (especialmente as mulleres) a “orbitar” ao redor doutras persoas, poñendo as súas necesidades por riba das propias. Pódense usar exemplos de películas, series ou cancións onde se romantiza esta dependencia.

Preguntas para a reflexión:

- Coñeces cancións que falen de non poder vivir sen a outra persoa?
- Viches películas onde a personaxe feminina “necesita” ser salvada?
- Algunha vez pensaches que a túa felicidade dependía totalmente doutra persoa?

FASE 2: A dinámica do Sol (20-25 minutos)

Organízase o espazo da aula de forma que haxa un círculo amplo. Explícase a dinámica:

1. Unha persoa voluntaria colócase no centro (será o “Sol”)
2. O resto da clase distribúese ao redor como “xirasois”
3. Os “xirasois” deben mirar constantemente cara ao Sol, moverse seguindo os seus movementos, xirar cando xira, achegarse cando se achega
4. O “Sol” móvese libremente polo espazo
5. Cada 2-3 minutos cámbiase de Sol

FASE 3: Reflexión grupal (15-20 minutos)

Sentados en círculo, dialógase sobre a experiencia:

Para quen foi “Sol”:

- Como te sentiches sendo o centro de atención?
- Sentiches presión ou incomodidade?
- Gustouche que todos dependesen dos teus movementos?

Para quen foi “Xirasois”:

- Como foi estar sempre pendente doutra persoa?
- Perdiches noción de ti mesmo/a?
- Que sentiches na versión onde tamén brillabas?

FASE 4: Peche reflexivo - A miña propia luz (10 minutos)

Cada estudante escribe nun papel (de forma anónima se o prefiren):

- Tres cousas que os fan brillar por si mesmos/as (talentos, paixóns, valores)
- Un compromiso persoal para manter a súa autonomía nas súas relacións

Materials

Espazo amplo, folios, bolígrafos, música suave para a dinámica.

ACTIVIDADE 2. A Carta do Bo Trato

Duración

45-60 minutos.

Obxectivo


Identificar e visibilizar as calidades que constrúen relacións baseadas no bo trato e o respecto mutuo, promovendo un modelo positivo de convivencia.

Desenvolvemento

FASE 1: Que é o bo trato? (10 minutos)

O/a docente facilita unha chuvia de ideas sobre que significa “bo trato” nas relacións (amizade, parella, familia, compañeiros/as):

- Como nos sentimos cando nos tratan ben?
- Que accións concretas demostran respecto?
- Cal é a diferenza entre “non facer dano” e “tratar ben activamente”?



FONTE: Elaboración propia.

Constrúese colectivamente unha definición de bo trato que inclúa: respecto, comunicación, apoio, empatía, recoñecemento, liberdade, igualdade.

FASE 2: Dinámica da carta (25 minutos)

Elíxese a unha persoa voluntaria que fará de “carteiro/a”. A mesma colócase de pé no centro da aula e di con voz clara:

Carteiro/a: “Chegou unha carta!”

Clase (en coro): “Para quen?”

Carteiro/a: “Para alguén que quere ser unha persoa... [calidade relacionada co bo trato]”

Exemplos de calidades:

- Independente e respectuosa
- Que sabe escoitar de verdade
- Que pide perdón cando se equivoca
- Que defende a quen sofren inxustizas
- Que non xulga polas aparencias
- Que comunica o que sente sen agredir
- Que apoia os soños das súas amizades
- Que respecta os límites das demais persoas
- Que non controla nin manipula

- Que celebra os logros alleos sen envexa
- Que non usa a violencia para resolver conflitos
- Que recoñece e valora o traballo de coidados

Todas as persoas que se identifiquen con esa calidade (ou aspiren a desenvolverla) deben levantarse e cambiar de sitio. O/a carteiro/a tamén busca un sitio. Quen se quede sen asento será quen se encargue de repartir as cartas e continuar coa actividade.

FASE 3: Do individual ao colectivo (10 minutos)

Despois de xogar varias roldas, faise unha pausa para reflexionar:

- Que calidades se repetiron máis?
- Houbo algunha que ninguén escolleu? Por que?
- Sorprendeulle a algunha ou non que pensaran nela?
- Son calidades “de xénero” ou son para todas as persoas?

FASE 4: O Decálogo do Bo Trato (15 minutos)

En grupos pequenos, o alumnado crea un “Decálogo do Bo Trato” coas 10 calidades ou compromisos máis importantes que identificaron na dinámica.

Cada grupo presenta o seu decálogo e constrúese un colectivo que pode:

- Quedar exposto na aula
- Compartirse con outras clases
- Enviarse á casa para reflexionar en familia
- Publicarse en redes sociais do centro

Materials

Espazo da aula organizado en círculo con cadeiras, cartolinas para o decálogo, rotuladores e folios.

ACTIVIDADE 3.

Intensamente: As nosas emocións e o bo trato

Duración

2-3 sesións (120-180 minutos).

Obxectivo

Identificar e xestionar as emocións propias e alleas, comprender como as emocións inflúen no noso comportamento e nas relacións cos demais, e promover estratexias de bo trato e resolución pacífica de conflitos.

Desenvolvemento

FASE 1: Visionado da película (60-90 minutos)

Proxectarase a película Do Revés (Inside Out) completa ou secuencias seleccionadas segundo o tempo dispoñible e a idade do alumnado.

Orientacións para o visionado:

- Antes de comezar, presentar as cinco emocións principais: Alegría, Tristeza, Medo, Rabia e Desagrado.
- Durante a película, o alumnado pode ir anotando nun caderno que emocións identifica en diferentes momentos.
- Permitir pausas en momentos clave para comentar brevemente o que está a pasar.

FASE 2: Asemblea e reflexión (30-40 minutos)

Despois do visionado, realizarase unha asemblea guiada polo persoal docente con preguntas de reflexión adaptadas á idade do alumnado de primaria:

Sobre as emocións:

- Que emocións aparecen na película? Describide cada unha.
- Todas as emocións son importantes? Por que cres que Riley necesita a Tristeza?
- Que pasa cando intentamos ocultar ou ignorar as nosas emocións?
- Podemos sentir varias emocións ao mesmo tempo?

Sobre as relacións e o bo trato:

- Como inflúen as emocións de Riley nas súas relacións cos seus pais e amigos?
- Que ocorre cando Riley non expresa como se sente?
- Que podemos facer cando alguén que queremos está triste ou enfadado?
- É importante escoitarnos cando expresamos as nosas emocións?

FASE 3: Actividades de traballo individual e en grupo (30-50 minutos)

Opción A: O meu diario de emocións

Cada discente creará o seu propio “diario de emocións” inspirado na película:

1. Debuxar ou pegar imaxes das cinco emocións principais.
2. Escribir situacións da súa vida nas que senten cada emoción:
 - Alegría: Cando...
 - Tristeza: Cando...
 - Medo: Cando...

- Rabia: Cando...
 - Desagrado: Cando...
3. Reflexionar: “Que fago cando sinto estas emocións?” e “Que me axuda a sentirme mellor?”

Opción B: O panel das emocións da clase

Traballo en pequenos grupos (4-5 persoas):

1. Cada grupo recibe unha emoción para traballar.
2. O alumnado debe crear un panel que inclúa:
 - Debuxo ou representación da emoción
 - Situacións nas que a sentimos
 - Como se manifesta no noso corpo
 - Estratexias saudables para xestionala
 - Frases de bo trato relacionadas con esa emoción
3. Exposición de cada grupo ao resto da clase.

Opción C: Role-playing de situacións

En pequenos grupos, representar situacións cotiás da escola nas que xorden diferentes emocións:

- Alguén non te deixa xogar
- Alguén se burla de ti
- Unha das túas amizades está triste
- Tes medo de algo
- Alguén rompe algo teu sen querer

Representar primeiro a situación con mala xestión das emocións e mal trato, e despois con boa xestión e bo trato. O resto da clase comenta as diferenzas.

Bibliografía

- ACNUR. (2013). *Respiramos Inclusión en espacios educativos*. Ecuador.
- Altable, C. (1991). *Penélope o las trampas del amor*. Mare Nostrum.
- Bosch, E., Ferrer, V. A., & Alzamora, A. (2006). *El laberinto patriarcal: reflexiones teórico-prácticas sobre la violencia contra las mujeres*. Anthropos.
- CIG-Ensino. (2025, 17 de novembro). A CIG centra a campaña do 25N na denuncia contra a violencia institucional. <https://www.cig-ensino.gal/nova/a-cig-centra-a-campana-do-25n-na-denuncia-contra-a-violencia-institucional.html>
- Concello de Lalín. (2022). Relato “A miña nai é unha illa”. Concurso “Dillo a quen maltrata” (25N).
- Lagarde, M. (2005). *Los cautiverios de las mujeres: madresposas, monjas, putas, presas y locas*. UNAM.
- Pedagogía de emergencia sin fronteras. (2023). *Cómo acompañar a niños, adolescentes y jóvenes víctimas de conflictos bélicos. La pedagogía que ayuda a superar el trauma en sus primeras fases*. España.
- Pixar Animation Studios. (2015). *Intensamente* [Inside Out] [Película].
- Siede, I. A. (2006). Iguales y diferentes en la vida y en la escuela. En P. Martinis & P. Redondo (Comps.), *Igualdad y educación: Escrituras entre dos orillas* (pp. [páginas]). Del Estante Editorial.
- Qué es el urbanismo feminista [Vídeo]. (s.f.). YouTube. <https://www.youtube.com/watch?v=dI4TOCPMMbA>

Maleta de recomendacións

Literatura infantil (Educación Infantil e Primaria)

Sobre emocións e bo trato

- Llenas, A. (2012). *O monstro de cores*. Flamboyant.
- Aguilar, L. (2008). *Oreallas de bolboreta*. Kalandraka.
- Ruillier, J. (2004). *Por cuatro esquinitas de nada*. Juventud.
- Grejniec, M. (1999). *A que sabe la lúa?* Kalandraka.

Sobre igualdade e roles de xénero

Turín, A. (1976). *Rosa Caramelo*. Kalandraka.

Turín, A. (1978). *Arturo e Clementina*. Kalandraka.

Gaudes, B. e Macías, P. (2015). *Érase dos veces la bella y la bestia*. Cuatro tuer-
cas.

Hematocrítico. (2016). *Feliz feroz / O lobiño riquiño*. Xerais.

Cid, C. e Álvarez, S. (2020). *O misterio do sorriso de Lucas*. Triqueta verde.

Quintela, A. (2021). *Na busca de Antón*. Alvarellós.

